



DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A CELEBRACIÓN DUNHA FOGUEIRA CON OCASIÓN DA FESTIVIDADE DE SAN XOÁN

D./Dna., con DNI, en calidade de solicitante para a realización da fogueira de San Xoán, a noite que vai do 23 de xuño ao 24 de xuño, na parcela con referencia catastral e sita do Concello de Burela. Declaro baixo a miña responsabilidade que me comprometo con:

1. A queima da fogueira ou cacharela non se iniciará antes das 18:00 horas do día 23 de xuño, e quedará totalmente extinguida como máximo ás 02:00 horas do día 24 de xuño.
2. Previamente ao seu inicio, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros de largo, rodeando o perímetro que se vai queimar.

A fogueira ou cacharela non poderá superar a altura de 2 metros, e deberá situarse a unha distancia de como mínimo 10 metros de calquera árbore ou masa arbórea, construción, estrada, tendido eléctrico, vehículo, instalación, ou elemento análogo.

Queda prohibido colocar a fogueira ou cacharela directamente sobre calquera tipo de pavimento urbano ou, con carácter xeral, en calquera ben de dominio público.

3. Non poderán ser obxecto de queima pneumáticos, plásticos, aceites, líquidos ou gases inflamables, envases, recipientes ou envases que conteñan ou contivesen algún tipo de gas, elementos ou obxectos de carácter explosivo, ou calquera outro elemento ou obxecto similar ou análogo aos anteriores.
4. Non poderán ser acesas - ou, no seu caso, manter o lume aceso -, as fogueiras ou cacharelas con combustibles líquidos, líquidos inflamables ou calquera tipo de acelerante.
5. Non poderá iniciarse ningunha queima cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente se fai vento. Así mesmo, se iniciada a queima se producise a aparición de vento, suspenderase inmediatamente a mesma, procedendo a apagar o lume.
6. Para a realización da queima deberá contarse co persoal e co material suficiente para o seu debido control. Dado o elevado risco que supoñen este tipo de queimas para a seguridade e saúde do persoal que as leva cabo, en ningún caso se poderán realizar individualmente, mesmo no caso de que a súa extensión sexa pequena e en principio se considere que o risco é mínimo.
7. Unha vez rematada a queima, débese comprobar que o lume queda totalmente apagado e, a continuación, procederase á limpeza dos restos que queden espaxados.

En todo caso, a persoa responsable deberá dispoñer dos medios de extinción axeitados ás características desta.

8. A autorización para a realización da fogueira ou cacharela non eximirá en ningún caso das responsabilidades das persoas responsables da súa realización polos



danos sobre persoas ou bens que podan producirse como consecuencia da queima.

9. Os servizos do Concello de Burela poderán suspender a autorización para realizar a fogueira ou cacharela, se as condicións meteorolóxicas así o aconsellan.

Así mesmo, o Servizo de Protección Civil ou a Policía Local do Concello de Burela, así como os Axentes do Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil (SEPRONA), poderán suspender a realización das fogueiras cacharelas autorizadas, ou prescribir calquera outra disposición de seguridade que estimen oportunas, ao teor das circunstancias do momento.

10. As autorizacións outorgadas só facultan á realización dunha única cacharela polas persoas expresamente autorizadas no ámbito das parcelas cuxa referencia catastral e/ou dirección se referencie na mesma.

En Burela , o/..../2026

SINATURA